

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 28 DE MAIO DE 2.009**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día vinteito de maio de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga (concelleira ésta última que se incorpora a sesión no debate do segundo punto da orde do día), co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 11 DE MAIO DE 2009.**

Ponse de manifesto ós membros da Corporación o acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 11 de maio de 2009, cuxa copia se remitiu aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2.- EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO DE LECHE PASCUAL.**

Iníciase o debate polo sr. Alcalde mediante unha breve exposición da situación actual do centro de produción de Leite Pascual, así como do expediente de regulación de emprego anunciado polo grupo para esta planta.

Informa das actuacións realizadas; reunión dos Alcaldes da Terra Chá en Outeiro de Rei coa finalidade de adoptar unha postura común de defensa dos postos de traballo da planta e da continuidade na recollida do leite, reunión co Conselleiro do Medio Rural para abordar este tema, presentación polo Grupo Municipal do BNG dunha moción para realizar un pleno extraordinario sobor este asunto.

Neste intre incorpórase a concelleira dona Dulce María Neira Fraga.

Temos que ter en conta que a administración local carece de competencias e capacidades para solucionar por si mesma un asunto como este, pero sí que ten a capacidade de sensibilización de aquelas outras administracións que dispoñen de competencias e capacidades, tanto para este tema puntual como para o tema sectorial do sector lácteo.

Por todo iso, con este pleno preténdese adoptar unha posición institucional de rexeitamento do expediente de regulación de emprego, así como de defensa do funcionamento da planta e dos postos de traballo, e máxime a luz dos datos que evidencian que Pascual tivo beneficios económicos no último exercizo.

As razóns son obvias: cento cincuenta familias afectadas moi directamente polo ERE, e moitos máis postos de traballo vencellados a produción e recollida e, como consecuencia delo, problemas socioeconómicos derivados do deterioro dos asentamentos da poboación no medio rural, con graves repercusións sobre a sociedade de Outeiro, da comarca e de Galicia.

Consecuentemente, propón que se adopte unha declaración institucional de petición para que non se peche a planta de Pascual en Outeiro de Rei, solicitar ao Ministerio de Traballo que se opoña ao expediente de regulación de emprego; solicitar a Ministra de Medio Rural e Marino para que adopte medidas para reactivar o sector, verdadeiro detonante da situación, así como dirixirse ao Conselleiro do Medio Rural para que, no eido das súas competencias, adopte as medidas oportunas.

Toma a palabra don Miguel Angel López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que manifesta o apoio a esta declaración institucional co fin de evitar unha apropiación partidista do problema.

Agora ben, propón que se engada a declaración proposta a adopción das medidas socioeconómicas precisas para evitar o peche da planta, así como dirixirse as administracións competentes para que garantan que se continúe a recoller o leite e, deste xeito, garantir o funcionamento da planta.

Pola súa banda, do Arcadio Lombao Román, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifesta a súa lelicia de que por fin se celebre este pleno, tal e como propuxeron por escrito de data de 7 de maio, e que se presente unha proposta de declaración institucional que coincide esencialmente coa proposta contida nese escrito presentado polo seu grupo político.

Engade que un asunto desta natureza debería tratarse cunha maior urxencia, e recorda que xa o día 7 de maio o Grupo Municipal do BNG solicitou a celebración dun pleno extraordinario.

Respecto de Pascual, considera que o seu comportamento é ingrato, xa que foi moi ben tratada polas administracións; municipais e autonómicas, sendo perceptora de cuantiosas subvencións. Non é de recibo que se aproveite desta axudas e da calidade do leite de Galicia, grazas a cal obtivo un renome a súa marca, para agora adoptar esta postura co fin de potenciar outros centros de produción coma o de Cataluña.

Por iso esiximos a administración competente, que neste eido creemos que é o Ministerio, para que adopte as medidas oportunas para evitar este despropósito.

Volta a intervir o sr. Pardo Lombao, como voceiro do Grupo Municipal do PP, que conclúe que a postura dos distintos grupos é moi semellante, e recalca o perxuizo que se ocasionaría ao municipio e a comarca da Terra Chá co peche dunha planta cunha capacidade e tamaño como a de Pascual.

Reincide na función de sensibilización como única capacidade do concello, e volta a expor as accións realizadas polo concello dende o anuncio do ERE. Contrasta a rápida resposta do Conselleiro do Medio Rural, que tras unha solicitude de entrevista presentada un venres celebrouse a entrevista o luns, coa falla de resposta da Ministra de Medio Ambiente e Medio Rural y Marino que non contestou a solicitude de entrevista cursada pola totalidade dos alcaldes da Comarca.

O Concello apoiará aos traballadores de Pascual na defensa dos postos de traballo, ao igual que aos traballadores de aquelas outras empresas que se poidan ver nunha situación semellante.

Sinala que a capacidade de resolución do problema recae, principalmente, na empresa, que debería reconsiderar a súa situación a vista da calidade do leite recollido, así como das condicións laborais do centro de traballo, que non é conflictivo e ten un bó rendemento no traballo. Así como da Consellería, en tanto capaz de adoptar medidas de axuda o carácter económico que poda evitar o peche da planta e, fundamentalmente, do Ministerio de Trabajo e o de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

Solicita consenso neste punto a tódolos grupo políticos na adopción da declaración institucional.

O sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, considera que, con independencia do apoio a esta declaración, o Concello e a Xunta deberían ter previsto un plan B, para o suposto de que, finalmente, non se poida evitar o peche da planta.

O sr. Miguel Ángel, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, cree que debería esixirse das outras administracións, un compromiso de adopción das medidas pertinentes para a defensa dos postos de traballo directos e indirectos da planta de Pascual, e que repercuten sobor a economía de tódala comarca.

O sr. Pardo Lombao dí que a recollida, a día de hoxe, está asegurada. Respecto do plan B, o Concello carece de capacidade de ter un plan B para unha planta que costa 145 millóns de euros. Tampouco lle parece moi positivo que se plantexe a Pascual un plan B, xa que sería tanto como abrialle dalgún xeito as portas ao peche da planta. Agora temos que centrar todos os esforzos en evitar o peche.

Temos que diferenciar entre que ten competencias para decidir e quen ten capacidade para sensibilizar. O concello de Outeiro de Rei ten capacidade para sensibilizar a quen ten competencias para decidir, e nesta dirección se presente a presente proposta de declaración.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte declaración:

“O Concello de Outeiro de Rei acorda solicitar ao grupo Leche Pascual que non peche a planta de Outeiro de Rei, así como dirixirse ao Ministerio de Traballo para que se opoña ao expediente de regulación de emprego; solicitar a Ministra de Medio Rural e Marino para que adopte medidas para reactivar o sector, verdadeiro detonante da situación, así como dirixirse ao Conselleiro do Medio Rural para que, no eido das súas competencias, adopte as medidas oportunas.”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **3.- MOCIÓN DOS SINDICATOS AGRARIOS SOBOR O SECTOR LÁCTEO.**

Ponse de manifesto o Moción presentada polos sindicatos agrarios sobor o sector lácteo, presentado no rexistro de entrada do concello con data de 26 de maio de 2009, e do seguinte teor literal:

*“As Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias AGACA, trasladan ós Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a MOCIÓN que a continuación se recolle:*

#### **1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O sector lácteo ten unha gran importancia económica e social en Galicia ata o punto que o 50% dos concellos rurais de Galicia dependen economicamente da produción do leite. A poboación de Galicia vinculada económica e socialmente a este sector cífrase nos 500.000 habitantes, xerando un emprego superior ós 100.000 postos de traballo directos, indirectos e inducidos.*

*As organizacións agrarias profesionais UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA, consideramos que estes empregos están realmente en perigo, caso de que Galicia non poida soste a súa capacidade de produción de leite. No ano 2008 o sector lácteo galego produciu 2.246.941.600 litros de leite xerando un volume de negocio de 830 millóns de euros, so en produción de leite.*

*A finais do ano 2008, e ante as malas noticias de orde económico xeral, a Gran distribución iniciou unha estratexia de redución de prezos ó consumidor, mediante o impulso da chamada “marca branca” (actualmente o peso das marcas de distribución estímase no 54% en volume para o leite líquido). Coa finalidade de forzar ó sector industrial de España, realizaron e realizan importacións de leite envasada de marca branca, limitando as compras á industria autóctona e provocando a baixada de prezos a todo o sector industrial.*

*Nesta crise de prezos, apreciamos o escaso apego ou preferencia que a Gran Distribución ten polos nosos produtos, moi ó contrario da distribución de outros países limítrofes, coma por exemplo Francia.*

*Neste senso, urxe que as administracións competentes poñan en marcha políticas e mecanismos para que produtores e transformadores equiparen o seu peso nas decisións do mercado á Gran Distribución que opera en España, para unha racionalización das importacións-exportacións e do mercado.*

*Para por freo a esta situación inmoral que está a por en risco de creba a todo o sector primario en Galicia e con el ó modelo socioeconómico que na actualidade garante que o 80% do territorio non se converta nun deserto demográfico, as organizacións profesionais agrarias UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA, apelamos á responsabilidade tanto das industrias, para que deixen de saturar o mercado con importacións masivas de leite porque tamén eles van saír moi prexudicados desa política comercial, como das administracións, para que fagan uso das súas competencias en materia de fronteiras para evitar prácticas comerciais ilegais, e para que apliquen de xeito inmediato medidas de intervención pública no sector.*

*Unha situación que ten como agravante que o consumidor cando merca leite envasado en Galicia realmente non ten ningunha garantía de que non teña a súa orixe en calquera país da Unión Europea, o non existir ningún referente no envase á orixe e polo tanto á trazabilidade do produto.*

*Diante desta situación, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA, decidimos convocar unha manifestación para ó próximo 8 de maio nas comarcas galegas, para esixirle tanto á Xunta como ó Ministerio medidas concretas que poñan freo a esta situación coa seguinte táboa reivindicativa:*

*1. Solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino a adopción de medidas tendentes a:*

*.- Garantir a recollida para todo o leite ao longo de todo o territorio a prezos dignos e remuneradores que cubran os custes de produción.*

*.- Plan estratéxico para o sector lácteo que contemple medidas económicas, fiscais e de refinanciamento da débeda, cunha dotación orzamentaria axeitada onde se recolla a situación real do sector e se apoie a súa sustentabilidade.*

*.- Medidas reguladoras das relacións comerciais entre produtores, industrias e distribución que impidan que as importacións de leite marquen o prezo do leite producido aquí.*

*.- Medidas que avancen na trazabilidade do produto, de tal xeito que o consumidor teña información acerca de onde foi producido o leite que está mercando.*

*.- Medidas de apoio ás cooperativas de subministro de leite que son unha ferramenta socioeconómica clave para articular ós gandeiros/as coa finalidade de reducir custes de produción, ser máis eficientes e mellorar a súa calidade de vida. Así como o fortalecemento da figura das Agrupacións de Produtores Agrarios (APAs) no seo das cooperativas.*

*.- Coordinación do MARM coas Comunidades Autónomas dun programa de controis das prácticas anti-dumping a través dos Servicios Oficiais de Control correspondentes.*

*.- Accións encamiñadas a lograr un maior equilibrio de forzas na cadea láctea que evite distorsións, fomentando a implantación dos instrumentos necesarios a fin de fortalecer a ordenación e concentración da oferta.*

*Polo exposto, as Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓNS AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias AGACA*

*SOLICITAN a presentación desta MOCIÓN diante o pleno da corporación municipal, para que este adopte os seguintes acordos:*

*1 Apoiar publicamente a campaña que neste sentido están realizando as Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓNS AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias AGACA de cara á manifestación convocada para o vindeiro 8 de maio nas comarcas galegas, así como apoio institucional do concello ós gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento á manifestación.*

*2 Trasladar o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino e a Consellería do Medio Rural o compromiso e o apoio da Corporación Municipal as reivindicacións plantexadas polas organizacións agrarias e as cooperativas galegas para salvar da creba o sector lácteo galego. Así mesmo, facer pública a esixencia o citado Ministerio e Consellería para que active medidas urxentes de choque que despexen as incertezas de futuro dos gandeiros e gandeiras de Galicia.*

Mes de abril de 2009”

Trala súa exposición iníciase o debate facendo uso da palabra o sr. Pardo Lombao, que propón apoiar a moción presentada, e recorda que a situación do sector lácteo é a causa subxacente do punto anterior da orde do día.

A pesares de que a moción menciona o apoio a manifestación do día 8 de maio, o Concello prestou apoio aos sindicatos agrarios en dita manifestación así como a celebrada posteriormente en Madrid, poñendo autobuses a disposición dos gandeiros que quixeron acudir as manifestacións.

E no sólo se prestarou o apoio, senón que se seguirá a prestar nas súas reivindicacións razoables.

Solicita dos membros da corporación o apoio unánime na aprobación da moción, e recorda que non se presenta por un partido político, senón polos sindicatos agrarios e a asociación de cooperativas agrarias AGACA.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE manifesta o apoio do seu grupo a aprobación da moción.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG manifesta o apoio do seu grupo a aprobación da moción.

Efectuada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita. Asdo.: José Pardo Lombao.